



CONCELLO
DA
POBRA DO CARAMIÑAL
(A CORUÑA)

Municipio de Interese Turístico

PROPOSTA DA ALCALDÍA RELATIVA Á MODIFICACIÓN DE PROXECTO CONTIDO NO PAS 2015 REFERENTE A ESTRADAS NON SOCIAIS

O mal estado dunha das estradas previstas para o seu acondicionamento no proxecto presentado inicialmente obrigou a actuar de maneira urxente, de tal maneira que se acometeron as obras con cargo a orzamentos propios do concello. Por todo isto faise necesaria unha modificación do proxecto, que contempla unha actuación de mellora na mesma zona que propoñía a solicitude inicial, que é San Lázaro.

Tamén xurdiron problemas con outras das actuacións previstas, o asfaltado da pista que comunicaría o centro de saúde co CEP Salustiano Rei Eiras. O motivo foi a construción do paseo das Xunqueiras, dentro da actuación de rexeneración ambiental de dito espazo natural. Foi preciso ocupar parte dos terreos onde se pretendía pavimentar a vía de comunicación mencionada. Polo tanto a día de hoxe resulta imposible levar a cabo a obra sen conseguir unha cesión de terreos ou a súa expropiación, procedemento que provocaría un atraso que non permitiría rematar a obra en tempo para a súa xustificación diante da administración provincial.

A Deputación da Coruña permite cambios nos proxectos presentados sempre que sexan no mesmo lugar e co mesmo obxectivo, ambos condicionantes cúmprense na proposta que se trae ao Pleno da Corporación.

Por todo anteriormente exposto, esta Alcaldía propón ao Pleno a adopción do seguinte **ACORDO**:

PRIMEIRO: Aprobar a modificación do proxecto referente a estradas non sociais: Melloras das estradas en San Lázaro, Antón Paz Míguez e acceso dende CEP Salustiano Rei Eiras ao Centro de Saúde.

SEGUNDO: Dar traslado á Deputación da Coruña do anterior acordo para a súa aprobación por parte da administración provincial.

A Pobra do Caramiñal, a data da sinatura dixital,

O alcalde,